

INFORME SOBRE O PLENO DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CELEBRADO O MÉRCORES DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2015

O Pleno constituínte da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra, logo de celebradas as eleccións sindicais do 4 de decembro de 2014, verificouse o mércores día 11 de febreiro de 2015 no edificio administrativo de Campolongo, en Pontevedra, ás 10 horas.

Procedeuse en primeiro lugar a conformar a mesa de idade, que recaeu nun compañeiro delegado da FETE-UGT como presidente (persoa de maior idade) e noutro compañeiro delegado do CSIF como secretario (persoa de menor idade).

A seguir a Mesa foi “pasando lista” das persoas proclamadas delegadas electas polas distintas OO.SS. Faltaron a esta xuntanza por causa xustificada 2 representantes de CCOO e outros dous de UGT, de maneira que estivemos 37 dos 41 delegados/as totais.

A composición do novo Pleno é a seguinte:

ANPE: 3 CCOO: 5 CIG: 21 CSIF: 3 STEG: 4 UGT: 5

Aberta a quenda para a presentación de candidaturas á Presidencia e á Secretaría, só se formula unha por parte da CIG: **Francisco Xavier Pérez Davila como Presidente e María Victoria (Vicky) Rodríguez Rodríguez como Secretaria.**

Efectúase a seguir unha única votación a man alzada, ao non haber ningunha petición expresa de voto secreto en urna. O resultado da votación é o seguinte:

Total de votos emitidos: 36 (1 delegado de UGT está ausente cando a votación se produce)

Votos a favor da proposta presentada por CIG: 28 [21 de CIG+3 de ANPE+3 CSIF+ 1 UGT]

Votos en contra: 0

Abstencións: 8 (4 STEG +3 CCOO+1 UGT).

Como a súa candidatura obtén maioría absoluta en primeira votación, fican proclamados Presidente e Secretaría as dúas persoas antecitadas, respectivamente.

O Presidente entrante pronuncia un breve discurso, agradecendo a honra de presidir o Pleno e salientando a importancia deste como representación do colectivo de traballadoras e traballadores do ensino da provincia, que é o máis numeroso, pois mesmo supera ao plantel da factoría Citröen.

STEG intervén para lembrar un acordo tomado na última reunión da Permanente da Xunta de Persoal Docente e, a resultas desa intervención, o Pleno garda un minuto de silencio en memoria dunha compañeira delegada de FETE-UGT (Marisa de Sá) falecida en datas recentes. O delegado e secretario xeral da FETE-UGT intervén para agradecer o detalle en nome do seu sindicato.

Tómase o acordo de enviar a cada OO.SS. unha copia do regulamento da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra actualmente vixente.

E non habendo máis asuntos que abordar, levántase a sesión sendo as 10.40 horas, para dar paso ás 11 horas a unha primeira reunión da nova Permanente da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra.